



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Extracto de la Resolución de 18 de junio de 2026 (RES/AYT/11428/2026) del titular del área de Educación, Formación e Innovación Tecnológica (P.A. de la titular del área de Empleo, Comercio y Mercados, autorizado mediante Decreto de Alcaldía DEC/AYT/94/2026 de 13.01.2026) por delegación de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de A Coruña, por la que se aprueba la convocatoria de subvenciones para la promoción y dinamización del comercio local y los mercados de abastos - año 2026

BDNS (Identif.): 916424

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/916424>)

Primero. Beneficiarios

Podrán ser beneficiarias de estas ayudas las asociaciones de comerciantes y/o empresarios sin ánimo de lucro, legalmente constituidas y registradas en el Registro Municipal de Asociaciones de A Coruña (REMAC), que tengan su domicilio y desarrollen su actividad en el municipio y cumplan el resto de los requisitos establecidos en las bases reguladoras.

Segundo. Objeto

La presente convocatoria tiene por objeto la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia competitiva, destinadas a la realización de actividades de dinamización del comercio local y de los mercados de abastos en el municipio de A Coruña durante el año 2026.

Tercero. Bases reguladoras

Ordenanza municipal de bases reguladoras generales para la concesión de subvenciones por el Ayuntamiento de A Coruña y sus organismos públicos, aprobada por el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña el 6 de junio de 2024 (BOP de A Coruña número 157 de fecha 16.08.2024)

Cuarto. Cuantía

El crédito total asciende a 80.000,00 euros, con cargo a la aplicación presupuestaria 61.430.48900. La cuantía máxima por entidad será de 6.000,00 euros, pudiendo financiar hasta el 100% del proyecto subvencionable.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar desde el día siguiente al de la publicación de este extracto en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

Sexto. Otros datos

Las solicitudes se presentarán obligatoriamente por medios electrónicos a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de A Coruña.

Las actividades subvencionables deberán realizarse en el municipio de A Coruña entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2026. Podrán financiarse actuaciones de carácter abierto y gratuito como campañas promocionales, eventos comerciales, animación en vía pública, actuaciones musicales, ferias, acciones de marketing o iniciativas de decoración comercial, entre otras.

La justificación de las subvenciones deberá presentarse por medios electrónicos, como fecha límite el 31 de marzo de 2027.

A Coruña

18/6/2026

El concejal delegado del área de Educación, Formación e Innovación Tecnológica (P.A. de la titular del área de Empleo, Comercio y Mercados, autorizado mediante Decreto de Alcaldía DEC/AYT/94/2026 de 13.01.2026) por delegación de la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de A Coruña

Extracto da Resolución do 18 de xuño de 2026 (RES/AYT/11428/2026) do titular da área de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica (P.A. da titular da área de Emprego, Comercio e Mercados, autorizado mediante Decreto de Alcaldía DEC/AYT/94/2026 de 13.01.2026) por delegación da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña, pola que se aproba a convocatoria de subvencións para a promoción e dinamización do comercio local e os mercados de abastos - ano 2026

BDNS (Identif.): 916424

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/916424>)

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións de comerciantes e/ou empresarios sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña (REMAC), que teñan o seu domicilio e desenvolvan a súa actividade no municipio e cumpran o resto dos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Segundo. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas á realización de actividades de dinamización do comercio local e dos mercados de abastos no municipio da Coruña durante o ano 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada polo Pleno do Concello da Coruña o 6 de xuño de 2024 (BOP da Coruña número 157 con data do 16.08.2024)

Cuarto. Contía

O crédito total ascende a 80.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 61.430.48900. A contía máxima por entidade será de 6.000,00 euros, podendo financiar ata o 100% do proxecto subvencionable.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Sexto. Outros datos

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello da Coruña.

As actividades subvencionables deberán realizarse no municipio da Coruña entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Poderán financiarse actuacións de carácter aberto e gratuíto como campañas promocionais, eventos comerciais, animación en vía pública, actuacións musicais, feiras, accións de márketing ou iniciativas de decoración comercial, entre outras.

A xustificación das subvencións deberá presentarse por medios electrónicos, como data límite o 31 de marzo de 2027.

A Coruña

18/6/2026

O concelleiro delegado da área de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica (P.A. da titular da área de Emprego, Comercio e Mercados, autorizado mediante Decreto de Alcaldía DEC/AYT/94/2026 de 13.01.2026) por delegación da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña

2026/4431